# Revista Escolar

## curso 2005-06

# O LANZAL

Revista anual do "C.E.I.P. O Pombal"

Curso 2005\06





# O Caderno de Bitácora





# INDICE


Editorial .......... 2
Viaxamos coa música arredor do mundo .......... 4
Cancións e danzas  africanas .......... 6
Africa ¿qué sei deste continente? .......... 9
O chocolate .......... 11
O Suajili é unha lingua africana .......... 13
Animais de Africa .......... 15
Australia: os animais máis típicos .......... 17
Australia: os seus edificios importantes .......... 19
Australia: o Entroido .......... 20
Historia de Nova Zelanda .......... 21
Cociña de Nova Zelanda .......... 23
Os Sambeiros de 2º A e 2º B .......... 25
Poema Libre .......... 27
Igor, o noso compañeiro e amigo brasileiro .......... 28
Os Piratas do Caribe na busca do tesouro .......... 29
Unha historia de piratas .......... 31
Panxoliña dos piratas .......... 33
Travelling around the world .......... 34
We can travel with books and imagination .......... 35
We write to our penpals in Ireland .......... 36
Holanda : terra de pintores xeniais .......... 37
Curiosidades de Holanda .......... 39
O Nadal en Suecia .......... 41
Inventos suecos .......... 42
Literatura Infantil Sueca .......... 43
Hai unha carta para tod@s vos .......... 45
Acollida e convivencia .......... 47

## EDITORIAL

*Con este novo número da nosa revista escolar "O Lanzal ",* presentámosvos a **VOLVO OCEAN RACE, A volta o mundo en vela** ,que nesta edición sae da nosa cidade, Vigo.

Partindo do coñecemento da nosa propia realidade, "viaxamos" por tódolos paises e continentes que visita a VOLTA, para relacionarnos con distintas e diversas culturas , costumes, realidades,... propoñéndonos:

- *Coñecer a nosa propia cultura.*
- *Coñecer outras culturas, pobos, realidades,...*
- Respetar e valorar as diferencias, como rasgos propios de cada cultura, para unha mellor integración do noso alumnado inmigrante e, así, mellorar a convivencia no noso centro de ensino.
- *Adquirir nocións de xeografía básica para recoñecernos ciudadanos e ciudadanas dun mundo plural.*

Neste monográfico atoparedes unha serie de actividades de carácter interdisciplinar que teñen como eixo globalizador a Volta ó mundo en vela, nas que participaron tódolos alumnos e alumnas do colexio.

Esperamos que vos guste e disfrutedes coa lectura da nosa revista.

Un saúdo


FOLLA DE RUTA.
172 m
31,5 m
140 m²
4,7/5,7 m

## VIAXAMOS COA MÚSICA ARREDOR DO MUNDO

Este curso co motivo de traballar os países que recorre a Volvo Ocean Race traballamos c@s nen@s do colexio na aula de música en colaboración coas titoras cancións e danzas destes países.

Na **Festa do Nadal** bailamos unha **danza africana (Kokoleoko) e outra holandesa**, tamén cantamos panxoliñas adaptadas os países elexidos (**Mi Burrito Sabanero, Buscando Papá Noel en Australia, Os Piratas do Caribe veñen ó cole Pombal**) e tamén cantamos e tocamos cancións tradicionais coma **Jingle Bells e Auld Lang Syne** (para esta canción contamos con varios nen@s vestid@s como auténticos escoceses).

**O Dia Escolar pola Paz** cantamos ***A Muralla***, unha canción que invita a que tod@s unamos as nosas mans sexan da cor e do país que sexan.

**No Entroido** fixemos unha viaxe musical por varios países do mundo:

- En E. Infantil disfrazad@s de **tribu africana** bailamos unha danza **"Pata, pata**" e cantamos **"*Aransansan*".**
- En 1º de Primaria desfilamos vestid@s como auténticos **piratas** cantando a canción **"*O Pirata Metepata*".**



- En 2º disfrazad@s de **samberos** bailamos ó contaxioso ritmo de **"*A Lambada*"** e do **"*Carnaval*"** de Georgie Dann.
- En 3º combinamos a música clásica **"*O carnaval dos animais: os canguros*"** de Saint-Saëns coa música máis actual de Kylie Minogue. ¡Menuda marcha que tiñan estos **cangur@ s!**

- En 4º de Primaria viaxamos a Suecia montados nun barco **vikingo** recordando unha canción da nosa infancia **"Viky ,el vikingo".**



- En 5º bailaron unha **danza holandesa** e desfilaron cun dos productos máis típicos deste país: os seus famosos queixos.



- En 6º o patio do cole transformouse nunca auténtica praia **neozelandesa** con surfistas e bañistas bailando ó ritmo dos Beach Boys.



Asemesmo **estamos traballando coas distintas aulas os músicos, cantantes, compositores, instrumentos,..do país elexido por cada nivel.**

Está sendo unha experiencia moi positiva e enriquecedora e estanos servindo a tod@s para coñecer un pouquiño máis a cultura musical destos países.

# ARAN SAN SAN



ARAN SAN SAN
ARAN SAN SAN
CULI CULI CULI CULI
CULI ARAN SAN SAN

ARAN SAN SAN
ARAN SAN SAN
CULI CULI CULI CULI
CULI ARAN SAN SAN

ARABI ARABI
CULI CULI CULI CULI
CULI ARAN SAN SAN

ARABI ARABI
CULI CULI CULI CULI
CULI ARAN SAN SAN







Infantil 3A



# "PATA PATA"



SAGUQUGA SATHI BEGA NANTSI PATA PATA
SAGUQUGA SATHI BEGA NANTSI PATA PATA
SAGUQUGA SATHI BEGA NANTSI PATA PATA
SAGUQUGA SATHI BEGA NANTSI PATA PATA

HIYO MAMA HIYO MA NANTSI PATA PATA
HIYO MAMA HIYO MA NANTSI PATA PATA
HIYO MAMA HIYO MA NANTSI PATA PATA
HIYO MAMA HIYO MA NANTSI PATA PATA

SAGUQUGA SATHI BEGA NANTSI PATA PATA
SAGUQUGA SATHI BEGA NANTSI PATA PATA
SAGUQUGA SATHI BEGA NANTSI PATA PATA
SAGUQUGA SATHI BEGA NANTSI PATA PATA

(Cantante: MIRIAM MAKEBA)



# DANZA AFRICANA POPULAR DE LIBERIA










KOKOLEOKO MAMA KOKOLEOKO

KOKOLEOKO MAMA KOKOLEOKO (bis)

ABA, MAMA, ABA,

ABA, MAMA, KOKOLEOKO. (bis)

KOKOLEOKO MAMA KOKOLEOKO

KOKOLEOKO MAMA KOKOLEOKO (bis)

ABA, MAMA, ABA,

ABA, MAMA, KOKOLEOKO. (bis)



# AFRICA

## ¿QUÉ SEI DESTE CONTINENTE?



AFRICA

EXPOSICIÓN








Infantil 4A

# ÁFRICA




Infantil 4A

# "O CHOCOLATE"

ESTAÉ
A CASCA
RA. NON
SECOME





ESTE É O CACAO.

OCACAO É 1 FROITA

CÓMENSEASPEPITAS



(INFANTIL 4B)




ÁFRICA CUL
TIVA O
CACAO

FIXEMOS UNHA
FESTA DO CHOCOLATE

¡QUER I CO!



( INFANTIL 4 B)

# O SUAJILI É UNHA LINGUA DE ÁFRICA.

## os números en suajili

1 moja

2 mbili

3 tatu

4 nne



| | |
|---|---|
| 5 | 6 |
| tano | sita |
| 7 | 8 |
| saba | nane |
| 9 | 10 |
| tisa | Kumi |

Nenos e nenas de 5 anos A

# ANIMAIS DE ÁFRICA

## AVESTRUZ

As avestruces son máis altas ca moitos xogadores de baloncesto





## XIRAFAS

Teñen a lingua muy longa e comen asacacias

## LEOPARDO

Levan as súas presas ata as polas máis altas das árbores



## CEBRA

Teñen raias brancas e negras



## XABARIL



Camiñan rapido e en rengleira

## ÑU



cabeza de touro
crina de cabalo
corno de búfalo
e barba de cabra

nenos e nenas de 5 anos B










3ºA




Este curso os alumnos de 3º co motivo da Volvo Ocean Race (volta ao mundo de vela), decidimos traballar para saber algo sobre Australia. Neste país está Melbourne, lugar onde acabou a segunda etapa da volta. Ademais de outras actividades que fixeemos, tamén temos esta: Os animais máis típicos desa parte do Mundo. Elixeimos éstes: O canguro, o dingo, o coala e a aguia australiana.

O dingo



Chámaselle "can mudo" porque non ladra. É carnívoro e parecido a un lobo.

## O Coala



Significa "animal que non bebe". É un mamífero trepador de pequeno tamaño e rechoncho. Parécese a un oso. Só se alimenta de follas de eucalipto

## A aguia australiana



É unha ave grande e maxestuosa. Diferénciase das aguias que coñecemos pola cor da súa plumaxe.

# Australia
## Os seus edificios importantes



### Harbour Brigde



Despois da Opera House é o monumento mais coñecido de Australia. Por debaixo do ponte e da baía existe un túnel que une o norte e o centro da cidade de Sydney.

### Opera House



O edificio da Opera é o máis destacado de Australia, encóntrase na cidade de Sydney

### National Library



A National Library é a biblioteca mais importante do país, está situada á beira dun lago artificial na cidade de Camberra

5º B

# O Entroido








No entroido os nenos de 3ºA e 3ºB fomos disfrazados de Canguros, o motivo foi que na Volta ó Mundo de Vela nós escollemos Australia porque é o continente máis pequeno ou a illa máis grande do mundo, tamén está nos nosos antípodas, e dicir o lugar oposto da península.





3º B

# Historia de Nova Zelanda

Orixinariamente Nova Zelanda estivo poboado por nativos da Polinesia, entre os anos 1000 a 1300.
Aqueles que se instalaron en Nova Zelanda convertíronse no pobo maorí. Separadamente nas diminutas illas Chatham, adaptáronse os moriorí.
Os nativos orixinais eran cazadores de moas, a súa fonte preferida de alimento, sendo estas as maiores aves non voadoras, similares ás avestruces e os ñandúes. As moas foron empuxadas á súa extinción, xa que non soportaron a depredación humana e a dos mamíferos. Antes da chegada do home, as moas foron víctimas dos harpagornis, a maior ave de rapiña coñecida.




Algúns dos maoríes chamáronlle a estas terras Aotearoa, traducida como terra da longa nube branca.
Nova Zelanda non ten mamíferos autóctonos. Posteriormente os maoríes, só poden subsistiren cultivando unha especie de batata doce que eles trouxeron da Polinesia.

O primeiro europeo que chegou a N. Zelanda foi o holandés Abel Tasman en decembro de 1642.

Desde 1790, ás augas que rodean Nova Zelanda chegaron baleeiros ingleses, franceses e americanos. O primeiro descendente de europeos nacido nestas terras foi Thomas King, en 1815 na Bahía das Illas.



6º B

# Colonia Británica

Nova Zelanda converteuse en colonia británica no 1840.
Os primeiros europeos que se estableceron crearon provincias.
Do sur ó norte son as seguintes:
Na illa sur: Otago, Canterbury, West Coast, Nelson e Marlborough.
Na illa norte: Wellington, Taranaki e Auckland.

A illa norte era a máis poboada e estaba afectada por guerras e unha situación confusa, mentres que a illa sur estaba prosperando, especialmente despois de que atoparan ouro en Otago en 1861.

Nun principio Nova Zelanda estaba administrada como unha parte da colonia australiana de Nova Gales do Sur, ata que foi unha colonia separada no 1841.



Paisaxes de Nova Zelanda.





Concedéuselle a autonomía en 1852, baixo a Constitución de Nova Zelanda polo parlamento do Reino Unido.

Na década do 1890, as autoridades parlamentarias democráticas [illegible] sociais de Nova Zelanda asumiron a forma que existe actualmente, no 1893 converteuse no primeiro país do mundo en conceder ás mulleres o dereito a votar nas eleccións nacionais.



6ºB

# COCIÑA DE NUEVA ZELANDA

A diferencia dos seus vecinos australianos, que acostuman a comer unha maior mestura de pratos de distintas culturas (pola cantidade de inmigrantes que veñen de outros países), e que incorporaron especialidades a base de canguro e crocodilo, a cociña neocelandesa ten unha grande influencia británica. Dende o popular "fish and chips" que os ingleses exportaron a todo o mundo, ata o año asado.

Pero por si algo destaca este país é pola súa froita, concretamente o exótico e famoso kiwi, que comezou a cultivarse como explotación comercial por primeira vez nos anos 50. Esta froita, autóctona dunha rexión de China, foi importada nun principio como planta decorativa para o interior das casas. Actualmente, Nueva Zelanda produce as dúas terceiras partes do total do kiwi mundial.





O postre favorito en Nueva Zelanda é a pavlova. É un tipo de merengue cuberto con crema batida e con froitas frescas como o kiwi e postas enriba. ¿Por que ten un nome ruso este postre?
En honor a unha bailarina rusa de ballet moi coñecida que visitou Nueva Zelanda en 1920.



O peixe e o marisco son abundantes en Nueva Zelanda e os seus habitantes saben preparalos de forma saborosa, condimentados coas especias propias do país.

O año é unha das comidas tradicionais máis populares. Habitualmente cocíñase ó forno con patacas. Isto é unha tradición dos domingos, especialmente en inverno.

Fish and chips (peixe con patacas fritas) é unha comida que se serve envolta en papel de diario. Normalmente é barata e consúmese moito, especialmente cando non se quere cociñar.

Pero se visitamos Nueva Zelanda, non debemos abandoar a illa sen probar a comida maorí, chamada Hangi, consistente nunha variedade de pratos de carne e peixes acompañados de kumara, unha pataca doce. O hangi consiste en poñer a carne ou o peixe e os vexetais e cociñalos baixo a terra. Nun burato póñense rochas moi quentes, enriba vai a comida e todo se tapa con terra para que non escape a calor. Despois de 6 horas, aproximadamente, sácanse da terra e a comida está lista.



**Os alumnos-as de 2ºA- 2ºB**
**do Colexio Pombal**




**chegan a Río de Janeiro no Entroido como a "Volvo" a ritmo de Samba**

# ENTROIDO 2006
# ALUMNADO 2º A -2º B



## OS SAMBEIROS

# POEMA LIBRE

## 2º A

Xoel



Aínda que somos pequenos
non queremos oloidar
que o 12 de novembro
a "volta" vai comenzar.



David

Helder

Marcos

Laura B.

Unha mañá de Outono
do porto de Vigo saíu
a volta o mundo de vela
para os mares surcar.

Celia





Iria
Adrián
Alba

Despois de moitas penurias
por fin en Río descansar
alí podrán disfrutar
das súas tranquilas augas.

Patricia

Laura. V

Francisco
Misael



A Volvo saiu de Vigo
a Volvo de Vigo saiu
sae do porto de Vigo
Volvo do meu corazón.



Iván F.
Iván C.
Alexandre

Nicolás D. A.

# IGOR, O NOSO COMPAÑEIRO E AMIGO BRASILEIRO

As embarcacións participantes na Volvo Ocean Race navegaron de Vigo a Brasil. Hai algún tempo Igor tamén fixo a mesma viaxe pero en sentido inverso, voando nun avión.

A Igor os compañeiros vémolo como bo, divertido, simpático, gracioso... pasámolo moi ben con el, aínda que é algo tímido.

Todos e todas nos enriquecemos coa súa amizade, compartimos xogos, costumes, tradicións e mesmo palabras das nosas linguas.

Igor tamén aprendeu moito connosco. Estamos moi ledos de telo na nosa clase e desexamos que se cumpra a súa ilusión de viaxar ao Brasil no 2007. 2º B.



# Os PIRATAS DO CARIBE



Os piratas de 1º A queremos mostrarvos o noso tesouro, os EE.UU para que o coñerades

## MAPA DO TESOURO




1ºA

# BUSCA DO TESOURO

CIDADES: NOVA IORQUE, ORLANDO..

continente: America

CAPITAL: WAS,...

LINGUA: INGLES AMERICANO

MOEDA: DOLAR

O seu escudo:



A súa bandeira



Os piratas preguntanvos:

¿De que país falamos?

Solución: EE.UU

1ºA

# Unha historia

Los piratas vienen en el barcos e los piratas son mui malos e perigosos e roban tesouros. Los piratas viven nos barcos.




Os
xoia
collar
fuerz

SARA 1



os piratas roban en outro barco el tesoro e joias.

BRUNO

Os Piratas son moi peligrosos Uxía 1ºF
e tamén son moi fortes



# de piratas

piratas rouban
ias y diamantes y tambien
ares y ademais tienen mucha
rza.

1°B

Barbabermella foi un
pirata muy inportante.
Los piratas roban de
todo

Xiana
1°B





1°B

carla
1°B

# Panxoliña dos piratas

Vinde, vinde, nenos
ó cole Pombal
porque imos te-la
festa do Nadal

carla
1º B

Este ano os Reis Magos xa non
veñen en camelos, participan nas
regatas e viaxan en veleiro



Uxía 1ºB

Os Piratas do Caribe
traen ós Reis no veleiro
cargadiños de agasallos
para os nenos de primeir

María 1ºB





SARA 1B

4º Primaria

# TRAVELLING AROUND THE WORLD
## VOLVO OCEAN RACE





## Visiting PORTSMOUTH, in GREAT BRITAIN.

Portsmouth is in England

Portsmouth is in the South of Great Britain.

Portsmouth is an historical town

Charles Dickens was born in Portsmouth.






Singing "AULD LANG SYNE", a traditional Scottish song last Christmas.



## TYPICAL ENGLISH FOOD

- **Fish and chips**: Sírvese nun cucurucho de papel para ir comendo pola rúa.
- **Roastbeef**, con pudding de Yorkshire e verduras.
- **Shepherds pie**: cordeiro picadiño con puré de patacas.
- **TEA**: Tómase con pastas ás 5 o'clock.



**Books are stars in the dark. (Os libros son estrelas na oscuridade)**

# We can travel with books and imagination

**We are readers ! (¡Somos lectores!)**

**Who is the writer of these books? SHAKESPEARE, DICKENS, TOLKIEN, C.S. LEWIS?**

"The *Chronicles* of Narnia"....
"Romeo and Julieta"....
"The lord os the rings"....
"Oliver Twist"....







**We are Writers too! (¡Tamén somos escritores!)**








# We Write to our penpals in Ireland



Fiona Hannah Joy Akvile (he is Lithuanian)
Katie Megan Kelly Daniel Maria Nicola
Claire Soo (She is from Malaysia) Janelle
Clodagh Jessie Paul Ben Deborah
Isabel Jessica Denis Michael Lucas
Layla Mohamed (He is from Turkey) Joanne
Fatima (She is from Turkey)
Katy STEVEN Maria Darryl Emma
Klara (She is from Croatia)
Joy (He is from Saudi Arabia) Jordan

Hello!

My name is Javier. I am eleven years old. I live in Vigo in the north of Spain. My city has a beautiful beach and a very important port. My favourite sport is football and I don't like tennis. I have one sister. Her name is Silvia and she is two years old. I have a cat, its name is Kike. My favourite season is summer and my birth. is 31st of July.

Love Javier




Dear Paul.

Hello! My name is Nerea. I am 11 years old. I live in Spain. I am in 6th class. My favourite hobbies are dancing and reading. My favourite subjects are Maths Social Studies and Art. My favourite food is Spaguetti. My favourite colour is Pink. My favourite number is two.

See you, Nerea.



Spain.
España



Irlanda.
Ireland



# HOLANDA



## TERRA DE PINTORES XENIAIS



### VINCENT VAN GOGH

Pintaba as paisaxes que tiña ó seu arredor empregando cores vivas e alegres.

Sufría duna enfermidade mental que o levou a cortarse unha orella polo que foi alcumado "O tolo do pelo vermello".

Morreu novo sen ter acadado fama.

Fillo dun predicador protestante, traballou nunha galería de arte e disfrutaba visitando museos.

Fíxose pintor ós 27 anos.

Empregaba moita pintura nos seus cuadros aplicandoa directamente do tubo.

Trasladouse a París para mellora-la súa técnica.

Fixo moitos autorretratos nos que aparece constantemente con sombreiro e pipa.



«Habitación» de Van Gogh

400 ANOS

O XENIO ESPERTA

# REMBRANDT

## Holanda celebra o cuarto centenario do nacemento do pintor que revolucinou a arte da súa época.



Fragmento de *Lección de anatomía*, de Rembrandt.

Naceu nunha familia de escasos recursos (o pai era muiñeiro) pero recibiu unha educación esmerada. Ós 22 anos xa se valoraba moito a súa pintura pero na vida familiar tivo menos sorte.

Pintou uns sesenta autorretratos e a membros da súa familia con diferentes disfraces.

Realizou máis de 600 cadros que se atopan repartidos polos mellores museos do mundo.

Nos seus cadros emprega contrastes de luces e sombras (claroscuro)

Alumnos 5º



# CURIOSIDADES DE HOLANDA

SABIAS QUE:
Una cuarta parte de Holanda atópase baixo o nivel do mar.

Ten máis de 15.000 quilométros de carriles para bicicletas.

En Holanda están a funcionar uns mil muíños orixinais.

Os holandeses son as persoas máis altas de Europa.

Que ten casi 1.000 museos dos que 42 están en Ámsterdam.

Casi todos teñen unha bicicleta e hai dúas bicicletas por cada automóvil.

Que ocupa o oitavo lugar no “ranking” mundial de exportadores.

Arredor do 30% dos bebés nacen na casa.

En Ámsterdam pódense contemplar 22 cadros de Rembrandt e 206 obras de Van Gogh.

O punto máis alto está a 323 metros e por eso chámaselle “montaña”

Hai un ramo de flores en cade que tódolos fogares.

A mayoría fala unha lingua estranxeira.

Un de cada tres é socio activo dunha asociación deportiva.

Os holandeses son, despois dos escandinavos, os máis “cafeteiros” do mundo.

En Ámsterdam ten 1281 pontes.

Cando os escolares aproban os seus exames pendúrase fóra da casa a bandeira nacional coa mochila escolar.

Alumnos de 5º





# O NADAL EN SUECIA

Suecia celebra o Nadal cuberta de branco e con poucas horas de luz. Comenza o 13 de decembro, festividade de Sta. Lucía. Neste día arredor das 5 da tarde, mozos/as vestidos de branco e cunha coroa de velas recorren en procesión as rúas das distintas cidades suecas, sendo a de Suecia a máis espectacular,



antes do mencer convidando a café, galletas de xenxibre e viño doce.
Os fogares están decorados coa árbore de Nadal, candelabros de 7 brazos, a estrela de David, . . .
A gran festa familiar celebrase o 24 de decembro.
A comida típica deste día e o SMORGASBOARD, que contén arenques e xamón Navideño.
Remata o Nadal coa misa do galo do día 25 de decembro.



4º

# Inventos Suecos

Entre outros:

*A chave inglesa ou axustable.



*A botella de Coca-Cola diseñada no ano 1915.



*A cremalleira que recibiu a forma definitiva en Suecia



*A neveira e o rato para o ordenador.





Literatura Infantil Sueca

"A maravillosa viaxe de Nils Holgersson"

Este libro trata dun rapaz que so lle gusta dormir, comer e facer travesuras, o libro fálanos dun rapaz que fixo unha viaxe montado nun ganso.

Escribiuno Selma Lagerlof, que foi a primeira muller que gañou o Premio Nobel de Literatura en 1909



4º

"Pippa Calzaslargas"

Foi escrito por Astrid Lindgren

Pippa e a nena mais forte do mundo.

Unha vez pelexo co home mais forte do

mundo nun circo e ganoulle. Os libros

sobre Pippa están traducidos a 76 idiomas



**Este curso comencei a escribir unhas cartas** dirixidas ós profes e ós nen@s do colexio Pombal. Nelas presentábame e animábavos a visitarme e a realizar varias actividades relacionadas coa biblioteca.

Recordo que **a primeira** vez que me dirixin a tod@s foi co motivo da celebración dun día moi especial para min: **O Día Internacional da Biblioteca Escolar**. Para esta ocasión propuxen facer unha **exposición de libros curiosos** polo seu tamaño, forma, textura, contido, idioma,... A verdade é que resultou moi ben e foi visitada por tódol@s nen@s e profes do colexio e tamén por pais, nais e incluso avós vosos. Nesa carta tamén vos daba unhas pequenas pistas de quen era eu e do meu nome. Estou seguro que tod@s xa me coñecedes, ¿non?.





**Na segunda** carta dirixíame a tod@s vós no mes de Xaneiro, **mes de Rebaixas**. Nesta ocasión podíades ir á biblioteca e levar á vosa casa dous libros en lugar dun. ¿Recordades o acróstico que había na entrada da biblioteca coa palabra REBAIXAS?. Nel estaban escritos os títulos de varios libros que se atopan na nosa biblioteca.



**Na última** carta que vos escribín falaba das actividades que con motivo do **Mes do Libro** propoño. Xa sabedes que este curso o tema interdisciplinar elexido é o da Volvo Ocean Race. Por eso durante este mes faremos unha exposición con libros de Xulio Verne, o viaxeiro por antonomasia, e tamén con libros dos escritores dos países que recorre esta regata. Por certo cando celebramos a **Semana da Prensa** algúns de vos escribíchedes ás embaixadas destes países para solicitar prensa súa. ¿Verdade que foi moi interesante ver estos xornais tan distintos ós nosos?.

Durante todo o curso puden disfrutar coas **vosas visitas á biblioteca**. Cada vez que abrides un libro, que levades un conto para a vosa aula ou casa, que ledes unha historia fantástica, que consultades un diccionario,... síntome moi ledo. Por suposto tamén me encantaron todas as **visitas que nos fixeron diversos escritores, ilustradores e animadores á lectura** (Ricardo Alcántara, Antonio García Teijeiro, Ana Expósito Valle, Anxo Fariña, Manuel Solla, Bea e Lois, María). A tod@s unha aperta e moitas gracias por facer sentir ós nen@s protagonistas das vosas historias.

**Na biblioteca houbo algúns cambios**: colocaron un espazo con corcho para que podamos ver, ler, escoitar,...mais cómodos no chan ; fixeron unha nova reestructuración dos espazos, colocaron un ordenador e unha mesa con t.v., video e D.V.D.; ademáis comenzaron a informatizar a biblioteca utilizando o programa Meiga, xa veredes que guai; algún curso xa ten carnet de bibliotecario e ficheiros para colocalo,...

Este curso tamén teño **un retrato meu** na biblioteca. ¿A que estou favorecido?.

Ata pronto. Un bico moi grande. **CASTELAO**





# Acollida e convivencia

Na actualidade estamos a vivir nunha sociedade mais globalizada, mais plural cada vez . Hoxe a movilidade e as migracions son mais frecuentes no noso entorno social.

O fenómeno da inmigración ten unha especial significación no marco da convivencia de Galicia polo cambio que se está a producir na nosa comunidade, que está pasando de ser un pais eminentemente e tradicionalmente emigrante, a ser un pais con inmigración.

A escola non é allea á incidencia destes novos fluxos migratorios, que están acadando unha notoria incidencia nos planos social e educativo, e non extraña que este feito sexa un novo desafio para o sistema educativo, nun pais moito mais acostumado a lidar con fluxos de saida ca de entrada de emigrantes.

Este fenómeno, lonxe de facermos recelar da nova sociedade que se está a formar, témolo que ver como un feito moi positivo para nos e os nosos fillos,xa que logo todos imos ter a oportunidade de coñecer de primeira man costumes e valores ós que doutro xeito ia ser mais difícil acceder.

Por outra banda a torerancia e a solidaridade educan e ennoblecen ós cidadans do futuro, chamados a vivir nunha sociedade plural e variopinta.

Pero como en todo o que se refire á educación o colexio por sí só non é suficiente,a verdadeira educación ten o seu lugar no fogar, onde os pais, primeiros educadores e mestres dos seus fillos, facilitan a acollida e a integración social e educativa dós seus fillos, proporcionando un clima social de convivencia e tolerancia.

Só asi traballando conxuntamente familia e escola lograremos potenciar os aspectos de enriquecemento que nos aportan e que podemos aportar ás diferentes culturas.Por tanto é necesario que pais e mestres empecemos a plantexarmos cómo enfocar a educación, sin distinción de raza,lingua ou orixe cultural, coa finalidade de construir en conxunto un espacio común de respecto e tolerancia, para atinxir un principio de interculturalidade que va mais aló da perspectiva multicultural, porque ademais do coñecemento e a adaptación das diferentes culturas, proponse un diálogo entre elas en condiciones de igualdade e reciprocidade que permitan a convivencia para todos.

A volta ó mundo a vela que estamos a vivir xa moito antes da súa partida dende a nosa cidade en Novembro pasado, e que visita paises de onde proceden alguns dos nosos alumnos recentemente incorporados a nosa escola, ven a darmos a oprtunidade de facer realidade o enriquecimento mencionado, xa que a través do seguimento da regata e dos traballos que todos os nenos fan sobre o acontecemento, os alumnos deses paises apórtanos coñecementos que non sempre atopamos nos libros.

A orientadora
Mª Graciela Coello

COLEXIO PUBLICO POMBAL

Educármonos na Libertade para a Paz